

## ACTA

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano Colexiado:</b>
PLN/2018/12	O Pleno

### DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

<b>Tipo Convocatoria</b>	Ordinaria
<b>Data</b>	20 DE DECEMBRO DE 2018
<b>Duración</b>	Desde as 21:05 ata as 22.00 horas
<b>Lugar</b>	SALÓN DE SESIÓNS
<b>Presidida por</b>	FÁTIMA ABAL ROMA
<b>Secretario</b>	EVA MARIA CASAL SANJURJO

#### Asistentes:

**PSOE (3):** D<sup>a</sup>. Fátima Abal Roma; D. Miguel Pérez Osorio; D<sup>a</sup>. Milagros Martínez Piñeiro.  
**BNG (3):** D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Josefa Cacabelos Domínguez; D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Teresa Prado Cores; D. Víctor Manuel Caamaño Rivas.  
**Somos Cambados (2):** D. Xurxo Charlín Trigo; D. Constantino Cordal Rodríguez.  
**Cambados Pode (1):** D. José Ramón Abal Varela.  
**PP (7):** D. Luís Aragunde Aragunde; D. Antonio Joaquín Iglesias Pombo; D. Juan Ramiro Gómez Blanco; D. Fabián Domínguez González; D<sup>a</sup> Isabel Varela Piñeiro; D<sup>a</sup> Ana Isabel Oubiña Santos. D<sup>a</sup> Mónica Montserrat Peña Otero.

#### Non asisten:

D. Eulogio Pomares Botana. Escusa a súa ausencia, por motivos persoais.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Ilmo. Concello de Cambados, sendo as vinte e unha horas e dez minutos do día **20 de decembro de 2018**, reúnen os concelleiros mencionados anteriormente, co obxecto de celebrar sesión pública ordinaria do Pleno Municipal, en primeira convocatoria, para tratar os asuntos incluídos na orde do día, baixo a presidencia da Sra. Alcaldesa e asistidos pola Sra. Secretaria, que da fe do acto.

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

### A) PARTE RESOLUTIVA



## DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CON MOTIVO DO NAUFRAXIO DO PESQUEIRO "SIN QUERER DOUS".

A Sra. Alcaldesa, en nome de tódolos membros da Corporación, da lectura á seguinte Declaración Institucional:

*"... Con motivo do naufraxio do pesqueiro Sin Querer Dous, o Concello de Cambados, en representación de toda a cidadanía, quere mostrar a súa solidariedade cos familiares e amigos das vítimas.*

*O naufraxio ocorrido no día de onte, 19 de decembro de 2018, encheu de pesar a veciños e veciñas de Cambados e nese sentido, esta Corporación acordou declarar loito oficial ata as 24.00 h. do día 22 de decembro. Ademais, de celebrárase esta concentración silenciosa nas portas da Casa do Pobo*

*Este Concello, como non podía ser doutra maneira, non é alleo á profunda dor causada polo afundimento do pesqueiro "Sin querer dous", e quere manifestar a súa solidariedade cos familiares e achegados das vítimas do accidente.*

*O Sin Querer Dous, antigo Playa de Portonovo, é un barco, de 26 metros de eslora, con base en Portonovo. Un pesqueiro moi querido e coñecido por todos os veciños e veciñas da vila. Entre a súa tripulación atopábanse no momento do suceso, veciños de Portonovo, aos que esta Corporación quere enviar ánimos nestes momentos difíciles, pero, sobre todo, solidarizarse coas familias e coñecidos dos falecidos, veciños de Cambados.*

*O regreso a casa do buque trunouse este mércores de forma inesperada para a súa tripulación, despois de descargar a súa pesca na Coruña, procedente de Gijón. Poñían rumbo a Cambados, co propósito de pasar as festas do Nadal cos seus familiares e amigos.*

*No día de onte, pouco antes das dúas da tarde coñeciamos a triste noticia deste naufraxio. Seis, dos dez tripulantes, lograron poñer a salvo as súas vidas e ser rescatados por pesqueiros da zona, mentres outros tres falecían e un cuarto continúa desaparecido. Aos sobreviventes, queremos enviarlles moita forza, pero, sobre todo queremos solidarizarnos e transmitir a nosa dor ás familias dos falecidos, Manuel Serén, Bernardino Padín e Teófilo Rodríguez. E coa familia de Guillermo Casais, que continúa desaparecido.*

*Nestes momentos non podemos evitar lembrar outra traxedia dun pesqueiro de Cambados, de dimensións similares: O Bahía, que ao rematar a campaña no País Vasco no 2004, cando tamén volvía á casa, afondou nas illas Sisargas. Ou do pesqueiro Silvosa, que envorcaba hai tan só unhas horas, en Malpica, deixando outro falecido.*

*Como estes, outros moitos naufraxios, leváronse vidas de familiares veciños e amigos, que tamén queremos lembrar hoxe aquí.*

*Cambados está a sufrir, Galicia está a sufrir e toda España está a sufrir.*

*Non morre quen se vai, só morre o que se esquece, e o Concello de Cambados non vos esquecerá xamais..."*

Pola Alcaldía solicítase que o Pleno da Corporación, ratifique o Decreto 2018-1029, do 20/12/2018, no que resolveu o seguinte:

*"... 1º.- Decretar loito oficial polo tráxico accidente do naufraxio do barco "SIN QUERER DOS", ocorrido o día 19 de decembro de 2018, dende a data desta resolución ata as 24'00 horas do día 22 de decembro de 2018, e que nestes días ondeen a media ata as bandeiras oficiais, convocando así mesmo unha concentración, nas portas do Concello, o día 20 de decembro, ás 12'00 horas para gardar 1 minuto de silencio.*

*2º.- Suspende os actos oficiais organizados pola corporación municipal en tales xornadas.*

*3º.- Manifestar, en nome do Concello e do resto de veciños e veciñas de Cambados, as súas condolencias e solidariedade á familia e achegados dos falecidos..."*

A Corporación Municipal, **por unanimidade**, acorda ratifica-lo referido Decreto.

**Expediente 5210/2018. Cargos Públicos.- TOMA DE POSESIÓN DE D<sup>a</sup> MONICA MONTSERRAT PEÑA OTERO COMO CONCELLEIRA DO CONCELLO DE CAMBADOS.**



Pola Alcaldía maniféstase que na sesión extraordinaria-urxente, celebrada polo Pleno desta Corporación Municipal, o pasado día 30/10/2018, adoptouse, entre outros o acordo que se transcribe seguidamente:

“... A Sra. Secretaria da conta do escrito de renuncia ao cargo de concelleiro presentado por don Luís Alberto Serantes González, con Rexistro de Entrada núm. 2018-E-RC 6677 do 26/10/2018, que consta no expediente administrativo, e que se transcribe textualmente a continuación:= “D. Alberto Serante González, con DNI núm. 35473990D, concelleiro da Corporación Municipal de Cambados, electo pola lista do Partido Popular de Cambados nas eleccións municipais do 24 de maio de 2015, ante a Corporación Municipal do Concello de Cambados EXPÓN: Que por motivos persoais e laborais, que me impiden atender os deberes propios do cargo de concelleiro coa dedicación que tal responsabilidade conleva, véxome no deber de presentar a miña renuncia ao cargo de concelleiro, o que comunico á Corporación Municipal, aos efectos do disposto no artigo 182 da Lei Orgánica 5/1985, do Réxime Electoral Xeral, co fin de que se proceda a substitución mediante candidatos seguintes da lista pola que fun elixido.” Polo tanto, o Pleno Corporativo, á vista do escrito de renuncia ao cargo de concelleiro presentado por don Luís Alberto Serantes González con Rexistro de Entrada núm. 2018-E-RC-6677 do 26/10/2018, toma coñecemento da súa renuncia que se fai efectiva neste momento; para que se traslade certificado á Xunta Electoral Central aos efectos previstos no artigo 185.2 da Lei 5/1985, de 19 de xuño, Orgánica do Réxime Electoral Xeral. D. Luís Aragunde Aragunde, comunica á Corporación Municipal que o seguinte na lista tamén renuncia ao cargo de concelleiro, debido á imposibilidade de desenrolar as actividades propias do cargo, e que o fará efectivo no día de mañá...”

Visto que, con data 03/12/2018, Rexistro de Entrada 2018 E-RC-7462, recibíuse da Xunta Electoral Central a credencial acreditativa da condición de electa a favor da candidata á que corresponde cubrir a vacante producida, D<sup>a</sup> Mónica Montserrat Peña Otero.

Vista a constancia da notificación fehaciente á interesado da recepción da credencial, expedida pola Xunta Electoral Central para que proceda a tomar posesión do cargo de Concelleira desta Corporación.

De conformidade co disposto nos artigos 9 do Regulamento da Organización, funcionamento e réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2586/1986, do 28 de novembro e 182 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño do Réxime Electoral Xeral, deberá manifestar ante o Pleno da Corporación a aceptación do cargo.

Conforme ao establecido polo artigo 1, do Real Decreto 707/1979, do 5 de abril, a Alcaldía da lectura á seguinte fórmula:

**“¿Xura ou promete pola súa conciencia e honor cumprir fielmente as obrigas do cargo de Concelleiro deste Concello de Cambados con lealdade ao Rei e gardar e facer gardar a Constitución, como norma fundamental do Estado?”**

Manifestando D<sup>a</sup> Mónica Montserrat Peña Otero, que **si promete**.

A continuación a Sra. Alcaldesa dálle a benvinda á nova Concelleira.

Tras a toma de posesión, a Concelleira Sra. Peña Otero, incorpórase á sesión.

### **RATIFICACIÓN DE INCLUSIÓN POR URXENCIA, NO ORDE DO DÍA DA PRESENTE SESIÓN, DO Expediente 5049/2018.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA, CON CARGO AO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS 2019).**

Na Orde do Día, da convocatoria cursada para a sesión que celebra o día de hoxe o Pleno da Corporación, non se incluíu o asunto relativo á “solicitud de subvención á Deputación Provincial de Pontevedra, con cargo ao Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2019”, polo que procede que se ratifique a súa inclusión, por urxencia.

Sometido o asunto a votación, acadouse o seguinte resultado:

**Votos a favor: 9 (PSOE, BNG, Somos Cambados, Cambados Pode)**



**Votos en contra: 0**

**Abstencións: (7) (Partido Popular)**

A Corporación, **por maioría dos membros presentes**, acorda aprobar a ratificación da inclusión por urxencia do expediente 5049/2018, no Orde do día da sesión do 20/12/2018.

**Expediente 5049/2018.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA, CON CARGO AO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS 2019).**

Pola Alcaldía dáse lectura ao Ditame favorable da Comisión Informativa Obras, Servizos e Urbanismo (CIOSU/2018/3), emitido en sesión do 18/12/2018 e que di:

“... Dáse lectura á Proposta que se somete á ditame da Comisión informativa Obras, Servizos e Urbanismo, que é do tenor literal seguinte:

“...O Pleno da Corporación da Excm. Deputación Provincial, na súa sesión do día 29/12/2017, aprobou as “Bases reguladoras e convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019”. Ditas bases foron publicadas no BOPPO nº 2 de 03/01/2018 e o extracto da convocatoria publicouse no BOPPO nº 3, do 04/01/2018.

As mencionadas Bases reguladoras contemplaban o financiamento tanto de investimentos bianuais como de carácter anual para o exercicio 2018 e para o exercicio 2019; Solicitadas e concedidas as axudas correspondentes ao Plan Concellos 2018, procede que se presenten as solicitudes acolléndose á **LIÑA 1- INVESTIMENTOS para o exercicio 2019**, antes do vindeiro 31 de decembro de 2018.

Na comunicación recibida do Servizo de Cooperación da Excm. Deputación Provincial (Rexistro entrada 2018-E-RC-211, 11/01/2018), indicábase que o importe para a **LIÑA 1-INVESTIMENTOS**, que lle corresponde a este Concello para a **anualidade 2019**, ascende a un total importe de **680.833,80 €**.

PLAN CONCELLOS 2019	
<b>LIÑA I - INVESTIMENTOS</b>	<b>680.833,80 €.</b>

Redactadas as memorias-valoradas e proxectos que se pretenden incluír no PC/2019, emitíronse os informes de supervisión dos proxectos, que se atopan incorporados ao expediente de **solicitud de subvención nº 1110/2018**, en cumprimento do establecido no artigo 235 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, como trámite previo á súa aprobación.

Os investimentos que se propoñen para a inclusión na Liña I, Investimentos, anualidade 2019, son os seguintes:

A.- PROPOSTA DE INVESTIMENTOS LIÑA I - ANUALIDADE 2019			
Investimentos propostos	Investimento total	Financiamento PC/2019	Financiamento municipal
Proxecto de Pavimentación de beirarrúas e zonas de estacionamento na Rúa Sevilla. Redactor: Antonio Espinosa Murias.	74.433,85	74.433,85	0,00
Proxecto de urbanización e rotonda en vial Tragove-Corvillón Redactor: Antonio Espinosa Murias	79.628,10	79.628,10	0,00
Proxecto de instalación de saneamento en Covas de Lobos Redactor: Antonio Espinosa Murias	47.960,15	47.960,15	0,00
Memoria-Valorada de valla e rede en campo de Fútbol de O Pombal Separata Estudio de seguridade e saúde. Redactor: Pelayo Eyo Valladares	34.969,99	34.969,99	0,00
Memoria-Valorada de mellora de pavimentos de patios exteriores da Gardería. Separata Estudio de seguridade e saúde Redactor: Pelayo Eyo Valladares	35.687,00	35.687,00	0,00

Memoria-Valorada servizo wifi e lector de matrículas en Polígono Sete Pías. Redactor: Pelayo Eyo Valladares.	39.101,16	39.101,16	0,00
Proxecto Mellora da rede de saneamento en Río da Ucha. Redactor: Gabino Grande Toro.	79.950,00	79.950,00	0,00
Proxecto Renovación iluminación vial de varias zonas do Concello Redactor: Antonio Capelo García	94.145,85	94.145,85	0,00
Proxecto de reparación de cuberta e outras obras menores na Biblioteca Municipal Luís Rei. Redactor: Antonio Espinosa Murias.	54.325,93	54.325,93	0,00
Memoria-valorada Reformas Centro Socio Cultural a Merced. Separata Estudio de seguridade e saúde. Redactor: Pelayo Eyo Valladares	40.631,77	40.631,77	0,00
	580.833,80	580.833,80	0,00
B.- ACHEGA A CONVENIO			
<u>Tramita expte. contratación Deputación</u> Demolición e reconstrución do bloque de vestiarios e instalacións anexas ás obras de substitución da envolvente da piscina climatizada no Complexo Deportivo de O Pombal.	104.650,00	100.000,00	4.650,00
TOTAL INVESTIMENTOS PLAN CONCELLOS 2019 (A+B)	685.483,80	680.833,80	4.650,00

En relación coas obras de "Demolición e reconstrución do bloque de vestiarios e instalacións anexas ás obras de substitución da envolvente da piscina climatizada no Complexo Deportivo de O Pombal", tal como se desprende da "Acta da reunión da Comisión de seguimento e control do Convenio de Colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Cambados para levar a cabo a actuación denominada "Obras de substitución da envolvente e actualización das instalacións da Piscina Climatizada no complexo polideportivo de O Pombal (Cambados), celebrada o pasado 16 de novembro de 2018", e aos efectos de xustifica-la necesidade de solicitar unha subvención con cargo ao Plan Concellos 2019, transcribíase o apartado da Acta no que se di: "... 1.2. Por outro lado, M<sup>a</sup> del Carmen Gómez Manzano explica aos membros da Comisión o informe elaborado polo servizo de Arquitectura o 16 de novembro de 2018 no que indica que xurdiron unha serie de incidencias, como son os posibles aumentos de medición nos vestiarios e unha serie de deficiencias detectadas pola empresa adxudicataria e comunicadas á Dirección Facultativa, cuxos posibles custos non están incluídos no orzamento actual do Convenio de colaboración co Concello de Cambados e que ascenden a 181.317,34 euros.= En base ao informe da xefa do Servizo de Arquitectura e á cláusula 4<sup>a</sup> do Convenio, na que se indica que "ás incidencias no desenvolvemento da obra, por causas imprevistas, e que obriguen a unha modificación do proxecto, ou se produza un incremento do seu custo será asumido por ambas Institucións na proporción que se acorde pola Comisión de Seguimento", os membros da Comisión propoñen a modificación da cláusula 2<sup>a</sup> ("Orzamento") e da cláusula 3<sup>a</sup> ("Financiamento e execución") da addenda, asinada o 28/06/2018, para incluír o incremento de 181.317,34 euros producido polas distintas incidencias nas obras e recollidas no informe do servizo de Arquitectura.= Por outra banda, a Comisión de Seguimento propón que o reparto deste incremento se faga da seguinte maneira: 76.667,34 euros sexan aportados pola Deputación de Pontevedra e 104.650,00 euros polo Concello de Cambados..."

Á vista do exposto anteriormente, propónse ao Pleno da Corporación Municipal, previo ditame da Comisión Informativa, a adopción dos seguintes ACORDOS:

**PRIMEIRO.-** Prestar aprobación ás memorias-valoradas (e as correspondentes separatas dos estudos de seguridade e saúde) e proxecto técnicos das obras, que se relacionaron no cadro precedente, co fin de dar cumprimento ao establecido no artigo 22.2 ñ) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, no que se establece como atribución plenaria "... A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, e cando aínda non estean previstos nos presupostos..." e na base Reguladora 10.2 do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019.

**SEGUNDO.-** En relación coas obras de "Demolición e reconstrución do bloque de vestiarios e instalacións anexas ás obras de substitución da envolvente da piscina climatizada no Complexo Deportivo de O Pombal", descritas no apartado B do cadro anterior:

a) Solicítase unha subvención para destinar a cantidade de 100.000,00 €, que lle corresponden a este Concello na distribución dos fondos do Plan Obras e Servizos (Plan Concellos 2019), para as mencionadas obras.

b) Adquirir o compromiso de consignar no Orzamento do vindeiro exercicio económico 2019, a cantidade de 4.650,00 € de fondos propios, para completa-la aportación municipal que lle corresponde a este Concello 104.650,00 €.

TOTAL INVESTIMENTO	Aportación Deputación	Aportación total Concello	Distribución do financiamento municipal	
			Con cargo á Subvención PC2019	Con cargo a fondos propios
181.317,34	76.667,34	104.650,00	100.000,00	4.650,00

**TERCEIRO.-** Solicitar para os investimentos relacionados no apartado A do cadro anterior, as correspondentes subvencións que totalizan un importe de 580.833,80 €, con cargo ao Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2019, asumindo o compromiso de comunicarlle á Deputación de Pontevedra calquera modificación das circunstancias que foron tidas en conta para o outorgamento da subvención.

INVESTIMENTO TOTAL PC2019	SUBVENCIÓN PC2019	APORTACIÓN MUNICIPAL PC2019
685.483,80	680.833,80	4.650,00

**CUARTO.-** Declarar a disposición dos terreos/inmóviles para a normal execución das obras, conceder as licenzas necesarias para levalas a cabo, comprometéndose este Concello a solicita-las autorizacións sectoriais que se indican nos informes de supervisión dos correspondentes proxectos .

**QUINTO.-** Aceptar integramente tódalas condicións e prescricións das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos 2018-2019), publicadas no B.O.P. nº 2, do 3 de xaneiro de 2018..."

Rematada a lectura, toma a palabra o Concelleiro do Partido Popular, Sr. Aragunde Aragunde, para facer unha queixa formal en contra da hora de celebración da Comisión Informativa, dado que os seus compañeiros non poden acudir por motivos laborais, contestándolle o Concelleiro do B.N.G., Sr. Caamaño Rivas, para dicir que é por unha causa xustificada e urxente.

Intervén o Concelleiro de Cambados Pode, Sr. Abal Varela, para dicirlle ao Sr. Aragunde Aragunde, que se lle facilitou toda a información nun "pen drive".

Seguidamente fai un resumo das actuacións que se inclúen na Proposta da Alcaldía: Aclarando que, o saneamento en Covas de Lobos realizarase a carón da escola unitaria, porque un grupo de vivendas non teñen rede de sumidoiros; As obras da Rúa Sevilla contemplan a realización de beirarrúas por ambos lados; Con respecto ao proxecto de Renovación da iluminación vial en varias zonas do Concello, xustifícase a necesidade de executa-las obras polo lamentable estado dos cadros e o tendido eléctrico, que nalgúns casos podería ocasionar situacións perigosas, contemplando tamén a instalación de luminarias LED en varias parroquias.

Toma a palabra o Concelleiro do P.P., Sr. Gómez Blanco, para dicir que hai diversos tramos dos alumeados públicos que non funcionan correctamente.

Continúa a dicir o Sr. Abal Varela, que outra das obras que se inclúen na proposta é a Reparación da cuberta da Biblioteca Municipal "Luis Rei"; que tamén se levarán a cabo obras de reparación nos patios da Gardería (caucho e pintura) e, por último, que se dotará ao Polígono de Sete Pías cun servizo wifi e lector de matrículas, entre outros investimentos propostos.

Toma a palabra o Portavoz do P.P., Sr. Aragunde Aragunde, para dicir que estaban interesados en formular algunha proposta de inclusión de investimentos, pero que xa está pechada. Considera que habería que actuar noutros lugares do Concello, como O Facho, Vilariño, etc...

Sometido o asunto a votación, acadouse o seguinte resultado:

**Votos a favor:** 3 (BNG, Somos Cambados, Cambados Pode)

**Votos en contra:** 0

**Abstencións:** 3 (Partido Popular)

A Comisión Informativa, por maioría, **ditaminando favorablemente o asunto**, proponlle ao Pleno da Corporación adopte os acordos que figuran nos parágrafos primeiro a quinto da Proposta da Alcaldía..."

Rematada a lectura, sométese o asunto a votación, acadándose o resultado seguinte:

**Votos a favor: 9** (PSOE, BNG, Somos Cambados, Cambados Pode)  
**Votos en contra: 0**  
**Abstencións: (7)** (Partido Popular)

O Pleno da Corporación, **por maioría dos membros presentes**, acorda aprobar o expediente 5049/2018.- Solicitud de subvención á Deputación Provincial de Pontevedra, con cargo ao Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos 2019).

#### **APROBACIÓN ACTAS SESIÓN ANTERIORES**

**DILIXENCIA:** Para facer constar que do presente asunto darase conta na primeira sesión que celebre o Pleno da Corporación.

#### **Expediente 4959/2018.- MOCIÓN DO P.P. S/RESTABLECIMENTO DO SERVIZO NOCTURNO DE FIN DE SEMANA POR PARTE DA POLICIA LOCAL**

**DILIXENCIA:** Para facer constar que do presente asunto darase conta na primeira sesión que celebre o Pleno da Corporación.

#### **Expediente 4994/2018.- MOCIÓN DO P.P. S/SOLICITUDE AO DIARIO "MARCA" RECTIFICACIÓN PÚBLICA HACIA O CLUB JUVENTUD CAMBADOS POLO PUBLICADO O 19/11/2018**

**DILIXENCIA:** Para facer constar que do presente asunto darase conta na primeira sesión que celebre o Pleno da Corporación.

#### **Expediente 5141/2018. Requirimento Preliminar entre Administracións Públicas / ACORDO DO CONCELEIRO DE SANIDADE, CONSTANTINO CORDAL, PARA RECLAMARLE AO SERGAS QUE MANTEÑA DE XEITO PERMANENTE O SERVIZO DE PEDIATRIA E AS CONSULTAS DE TARDE NO CENTRO DE SAÚDE DE CAMBADOS.**

**DILIXENCIA:** Para facer constar que do presente asunto darase conta na primeira sesión que celebre o Pleno da Corporación.

#### **Expediente 5205/2018. MOCIÓN SOMOS CAMBADOS PARA TRATAR DE EVITAR O PECHE DA RESIDENCIA VALLE INCLÁN**

**DILIXENCIA:** Para facer constar que do presente asunto darase conta na primeira sesión que celebre o Pleno da Corporación.

#### **Expediente 5242/2018.- MOCIÓN DO PSDEG-PSOE SOLIC. O COMPROMISO DO GOBERNO DO P.P. PARA DOTAR AO SISTEMA SANITARIO PÚBLICO DE RECURSOS QUE GARANTAN UN ACCESO IGUALITARIO DOS CIDADÁNS Á SANIDADE.-**



**DILIXENCIA:** Para facer constar que do presente asunto darase conta na primeira sesión que celebre o Pleno da Corporación.

### B) ACTIVIDADE DE CONTROL

**EXPTE. 1596/2018.- DAR CONTA DO INFORME DE MOROSIDADE CORRESPONDENTE Ó 3º TRIMESTRE/2018.-**

**DILIXENCIA:** Para facer constar que do presente asunto darase conta na primeira sesión que celebre o Pleno da Corporación.

**DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA.-**

Pola Presidencia dáse conta das Resolucións adoptadas pola Alcaldía dende o número **2018-917 ao 2018-976**, das que se lle dou traslado a tódolos membros da Corporación.  
O Pleno dáse por enterado.

### C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

**CONTESTACIÓN A ROGOS E PREGUNTAS.-**

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

